

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DEZASETE DE XULLO DE 2017. EXPTE. 4231/2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 17 de xullo de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal, D^a. Maria Isabel Rodríguez López e D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10-07-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 10 de xullo de 2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Concello de Viveiro

EXPTE. 3288/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada pola Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa Melitón Cortiñas, nº 2, en Viveiro para pintar a fachada do referido inmovible.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Memoria valorada da limpeza e pintura exterior do edificio, incluídos canalóns e baixantes, asinada polo arquitecto don José Díaz Lopez en data 9 de maio de 2017.
- Estudio básico de seguridade e saúde.
- Orzamento de execución das actuacións (18.285,71 euros).
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais (ICIO e taxa de licenza de obra).

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A parcela corresponde coa referencia catastral **3253501PJ1335S**. A edificación donde se pretende realizar as obras está situada no nº 2 da rúa Melitón, no Casco Histórico de Viveiro. As obras a realizar Segundo a solicitude de licenza de obra e a memoria valorada e o estudio básico de seguridade e saúde asinada polo técnico José Díaz López, as obras a acometer na edificación son as seguintes:

- Limpeza de fachada, eliminando vexetación e desconchados, así como saneado de fendas
- Limpeza de canalons e baixantes.
- Pintado de fachadas pintura color blanco, así como selado de galerías.

Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística aplicable e coa normativa técnica aplicable. Establécese a condición de que a cor a utilizar na pintura de fachada será branca.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmoables declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exhibibles nos termos da lexislación sectorial vixente. *Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente.*

Concello de Viveiro

- O informe da apareladora da oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro, conformado polo arquitecto municipal, constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico, que no presente caso é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. Segundo dita ordenación, no ámbito do solo urbano da zona antiga de Viveiro, as condicións de edificación e a regulación de usos serán as recollidas na normativa do documento do «plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga», aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997, que foi publicada no BOP de Lugo nº 233, do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MELITON CORTIÑAS, 2, licenza urbanística para limpeza e pintura exterior - incluídos canalóns e baixantes - do edificio sito na rúa Melitón Cortiñas, nº 2 en Viveiro, de ref. catastral 3253501PJ1335S, de acordo coa documentación técnica e os informes obrantes no expediente.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

1

a) Si resultase necesaria a ocupación da vía pública para a execución dos traballos autorizados, deberá solicitarse e obterse a previa autorización municipal, na que se indicará a superficie a ocupar e o prazo estimado de duración.

b) A cor a utilizar deberá ser branca, debendo eliminar da fachada calquera elemento engadido (rótulos, etc.) que non teña relación directa coas actividades comerciais desenvolvidas actualmente no inmovible.

Terceiro.- Condicións xerais

1

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa

Concello de Viveiro

conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 2378/2017.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación, presentada por D^a. LUISA PORTO FERNANDEZ, para 2 vivendas sitas na rúa Verxeles nº 4 baixo, en Viveiro, resultantes da licenza de obras autorizada pola Xunta de Goberno o 16 de setembro de 2009 a D. José Luis Porto Martínez, para o acondicionamento dun local para a súa conversión nas citadas 2 vivendas, de vivenda unifamiliar en Malagón, Vieiro.

Visto que, no informe xurídico obrante no expediente, constan os seguintes antecedentes:

- *Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de setembro de 2009 foi outorgada a D. José Luis Porto Martínez, licenza municipal para obras de acondicionamento dun local sito en Verxeles, nº 4, baixo, para a súa conversión en dúas vivendas (expediente URB/166/2009).*

- *O 4 de abril de 2017 D^a. LUISA PORTO FERNÁNDEZ, presenta solicitude de licenza de primeira ocupación para as citadas dúas vivendas, achegando a seguinte documentación:*

1

- *Certificado final da dirección de obra asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy e visado polo COAG en data 29 de marzo de 2017. A data de remate das vivendas, segundo o mencionado certificado, foi a de 1 de marzo de 2017.*

Concello de Viveiro

- Información catastral de ambas vivendas, das que constan como titulares D^a. Luisa Porto Fernández (porta B) e D^a. Sonia Porto Fernández (Porta A).

- Xustificante de pago das taxas municipais

- O 19 de maio, en resposta ao requirimento de subsanación de documentación, a interesada achegou unha Certificación de illamento acústico expedida por ISANOR Acústica (informe 075/2017) en maio de 2017 acreditativa do cumprimento das exixencias de illamento (en fachadas) previstas no DB-HR do Codigo Técnico da Edificación.

- O 27 de xuño de 2017 a interesada completou a subsanación documental requirida aportando un escrito asinado polo redactor do proxecto de ICT no que xustifica a non obrigatoriedade do certificado de conformidade das instalacións co proxecto de ICT requirido polo Concello, toda vez que o artigo 6, nos apartados 5 e 8 da Orde ITC/1644/2011, de 10 de xuño, que desenvolve o RD 346/2011, e no que se detalla a documentación relativa á ICT necesaria para obter a licenza de primeira ocupación, exclúe da obriga de dirección de obra a todos os edificios de vivendas non referidos en ditos puntos (como é este caso), resultando suficiente a presentación do boletín de instalación e o protocolo de probas sellado pola Xefatura Provincial da Inspección de Telecomunicación.

- De acordo co disposto no artigo 143.4 da LSG e 355.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, os Servizos técnicos municipais practicaron unha visita de comprobación, despois da cal foi redactado informe en data 11 de xullo de 2017, de conformidade do executado coa licenza de obras e documentación técnica que lle serviu de base para o seu outorgamento.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecta técnica-enseñeira municipal, donde se sinala que:

1. Que trala solicitude da LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN realizada con data 4 de abril do ano en curso (nº de rexistro. 2017-E-RC-2034), foi requirida unha serie de documentación subsanada polo solicitante tal e como se sinala a continuación:

- Certificado acústico realizado pola empresa Isanor Acústica (Data e número de rexistro: 19/05/2017 e 2017-E-RC-2982)
- Escrito do Enxeñeiro de Telecomunicacións Iván Rodríguez Dorado (nº Colexiado: 11783), onde xustifica a non necesidade de acreditar o certificado final de obra do proxecto de infraestrutura común de telecomunicacións considerando as características da obra.

2. Que na visita de inspección das vivendas constátanse que a obra cumpre co "Proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para 2 vivendas" redactado polo arquitecto D. Francisco J. Hermida Trastoy e a licenza de obra outorgada na Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de setembro de 2009."

Piso Porta A. Superficie construída: 71,10 m² propiedade de Sonia Porto Fernández. Referencia catastral: 3148601PJ1334N0122PW.

Piso Porta B. Superficie construída: 82,25 m² propiedade de Luisa Porto Fernández. Referencia catastral: 3148601PJ1334N0123AE..

O informe xurídico sinala que, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística aplicable, e que procede a súa resolución pola Xunta de Goberno, en virtude da delegación de atribucións efectuada mediante resolución da Alcaldía de data 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Concello de Viveiro

Primeiro.- Conceder a D^a. LUISA PORTO FERNÁNDEZ, licenza de primeira ocupación para 2 vivendas sitas na rúa Verxeles nº 4 baixo, de referencias catastrais 3148601PJ1334N0122PW (Porta A), e 3148601PJ1334N0123AE (porta B), deste municipio de Viveiro, resultantes da licenza de obras autorizada pola Xunta de Goberno o 16 de setembro de 2009 a don José Luis Porto Martínez, para o acondicionamento dun local para a súa conversión nas citadas 2 vivendas.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 2191/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a Josefa Romeo Plameiro para executar obras de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita en A Trabe, nº 33, Galdo, en Viveiro, de referencias catastrais 000202700PJ13A 0002JZ e 00202800PJ13A 0002EZ.

No expediente consta a seguinte documentación:

- Proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 16 de marzo de 2017 co número 1701515, e oficio de dirección facultativa a favor do citado arquitecto.
- Autorización da Deputación Provincial de Lugo de fecha 21 de abril de 2017, en materia de estradas, de conformidade coa Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, para ditas obras (documento incorporado ao expediente o 8 de maio de 2017).
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 7. A descrición da edificación segundo os datos catastrais é a seguinte:

Datos catastrais:

Nº referencia catastral de la VIVIENDA PRINCIPAL: 000202700PJ13A0002JZ.

Nº referencia catastral de la EDIFICACIÓN ANEXA: 000202800PJ13A0002EZ.

Respecto ás obras a realizar sinálase polo técnico que se presenta un proxecto de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar existente. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística, indica que son obras de substitución de cuberta sin modificar a súa altura, o seu volume, nin os



Concello de Viveiro

seus materiais tradicionais. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

AFECCIÓNS:

As obras propostas ao afectar aos terreos comprendidos na área de afección, requirirán, en todo caso, expresa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, LU_P_66_02. Serán de aplicación as condicións establecidas nas autorización da Deputación de Lugo, Vías e Obras.

Presenta autorización da Deputación Provincial de Lugo, Vías e Obras con data 22 de abril de 2016, referida a obras de rehabilitación da vivenda.

Respecto a normativa técnica aplicable o arquitecto, D. Francisco Hermida Trastoy fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel. Establécese a condición de que as características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as intervencións sobre edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo como tales (...) as que produzan unha variación do sistema estrutural.

As obras propostas, de substitución de cuberta, en canto precisan de proxecto de obras, han de ser tramitadas polo procedemento de licenza.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. No expediente consta a autorización da Deputación Provincial de Lugo para a execución das obras, de acordo co disposto na Lei de estradas de Galicia, lei 8/2013 de 28 de xuño.

- O informe do arquitecto municipal constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo de núcleo rural, regulado no punto 2 do Anexo do citado Decreto, permítense as obras solicitadas.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. JOSEFA ROMEO PALMEIRO, licenza urbanística para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita en A Trabe, nº 33- Galdo, Viveiro, de referencias catastrais 000202700PJ13A 0002JZ e 00202800PJ13A 0002EZ, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 16 de marzo de 2017 co número 1701515, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados, serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Terceiro .- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos

Concello de Viveiro

recursos que procedan.

EXPTE. 4656/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. ALONA MARTINEZ SIERRA para executar obras de rehabilitación de edificio de vivendas entremedianeiras sito na rúa Luis Trelles nº 37, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3455510PJ1335N0001GQ, acompañada da seguinte documentación:

- Proxecto de execución, en formato CD, redactado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 20.12.2016 co número 1605876. Inclúe oficio de dirección facultativa das obras a favor da indicada arquitecta.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto que, segundo se indica no informe xurídico obrante no expediente, constan os seguintes antecedentes:

- En data 8 de febreiro de 2017 a interesada formulou solicitude de tramitación da previa autorización das obras por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural conforme ao estipulado no artigo 38.3,c) da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia; polo que, en fecha 10 de marzo foille notificado o adiamento do expediente de licenza de obras en tanto no fose emitido aquel informe preceptivo, informe que foi rexistrado de entrada no Concello o 7 de abril, favorable ás actuacións obxecto da solicitude de licenza municipal, coas seguintes condicións:

-A nova estrutura de forxados non poderá ser visible dende o exterior, min se poderán engadir cornixas ou voos inexistentes orixinalmente.

-A cuberta rematarase con lousa irregular do país

-Os canalons e baixantes en cinc de sección semicircular e circular respectivamente.

-As fachadas remataranse recibadas con morteiros a base de cal e pintadas en cor clara con pintura ao silicato. As pezas de cantería traballada que conforman os ocos de fachada deberán quedar á vista. Estas pezas limpanse manualmente con cepillo de cerdas vexetais, evitando o emprego de tratamentos agresivos para elas como o chorreo de area ou auga a alta presión.

-A carpintería exterior será en madeira pintada con tratamento de poro aberto nunha cor tradicional no contorno.

-Calquera outra actuación que exceda das descritas precisará da autorización da Consellería de Cultura

- O 1 de xuño de 2017 a promotora incorporou ao expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de infraestrutura de telecomunicacións para 2 vivendas e un local redactado polo enxeñeiro técnico de Telecomunicacións Rafael Diaz Rodríguez, presentado o 25 de maio de 2017 na Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións de Lugo, en cumprimento do Decreto 346/2011, de 11 de marzo, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Concello de Viveiro

- Oficios, visados regulamentariamente, de dirección de execución material das obras e de coordinador de seguridade e saúde, a nome de D. Bernardo Fraga Galdo.
- Reportaxe fotográfica do interior e exterior do inmovible a rehabilitar.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal, donde sinala que:

"1. NORMATIVA APLICABLE:

- *Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)*
- *Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.*

2. ANTECEDENTES

- *Remítese expediente a Patrimonio para o seu informe previo debido a que está na área de protección dos 50 mts. Da Igrexa Convento de San Francisco.*

- *Con data 7 de abril de 2017 recíbese resolución sobre dito expediente informado favorablemente cunha serie de condicionantes que a continuación se describen:*

- *A nova estrutura de forxados non poderá ser visible dende o exterior, min se poderán engadir*

cornixas ou voos inexistentes orixinalmente.

- *A cuberta rematarase con lousa irregular do país*

- *Os canalons e baixantes en cinc de sección semicircular e circular respectivamente*

- *A fachada rematarase recibadas con morteiros a base de cal e pintadas en cor clara con pintura ao silicato. As pezas de cantería traballadas que conforman os ocos de fachada deberán quedar á vista. Estas pezas limpanse manualmente con cepillo de cerdas vexetais, evitando o emprego de tratamentos agresivos para elas como o chorreo de area ou auga a alta presión.*

- *A carpintería exterior deberá ser de madeira pintada con tratamento de poro aberto nunha cor*

tradicional no contorno.

- *Con data 1 de xuño de 2017, preséntase por parte da propiedade proxecto de infraestrutura de*

telecomunicacións redactado polo enxeñeiro técnico Rafael Díaz Rodríguez non visado segundo R.D. 1000/2010, nomeamento de dirección de execución material e coordinador de seguridade e saúde, reportaxe fotográfico interior e exterior da edificación.

3. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

3.1.- Clasificación e cualificación do solo

A clasificación do solo é urbano consolidado.

3.2.- Descrición da parcela

A edificación de dúas vivendas donde se pretende realizar as obras está situada no nº 37 da rúa Luis Trelles, no Casco Histórico de Viveiro.

3.3.- Descrición das obras a realizar

Rehabilitación integral de edificación entre medianeiras segundo proxecto asinado pola técnica Susana Pérez Pereiras. Conservase o número de vivendas actuais do inmovible.

3.4.- Cumplimento da normativa urbanística

Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.

3.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable

Tramite de excepción do cumprimento do Decreto 29/2010, Normas de Habitabilidad en vivendas de Galicia segundo se recolle no Anexo II, apartado II 3.

A excepción afecta a:

- *Superficie mínima das estancias e ancho mínimo entre paramentos enfrentados.*

- *Superficie mínima cando salón e cociña están integrados*

- *Ancho mínimo de pasillos*

- *Superficie mínima baños, cuadrado inscribible e ancho mínimo paramentos enfrentados*

- *Espacios comunitarios dimensions, ancho mínimo escaleiras e iluminación das mesmas*

Concello de Viveiro

- Non existencia de trasteiros.

Xustificación achegada referida a:

- Cando a superficie edificable do solar ou edificio descontando as escaleiras e zonas comúns, non permite a construción por planta dunha vivenda de superficie útil de 50 m². A edificación atopase na situación 2.5. a cal causa a excepción recollida no apartado E (superficie do edificio). A solución adoptada non cumpre estrictamente parte do establecido no decreto 29/2010 e polo tanto solicita a excepción do cumprimento das determinacións do apartado I,A,1, I-A,2 I-A,3 DO APARTADO IB.

3.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licenza de obra ascende a cantidade de 113.409,10 €

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

3.7.- Varios

1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe.

2.- Cumprirense estrictamente as condicións dadas por Patrimonio no seu informe 31 de marzo de 2017."

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142.2, letra b) LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exhibibles nos termos da lexislación sectorial vixente; constando no expediente a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de fecha 31 de marzo de 2017, pola que se autorizan as actuacións propostas, toda vez que o inmovible se atopa no contorno de protección do conxunto arquitectónico da igrexa e convento de San Francisco (monumento BIC)

O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido a lexislación e ao planeamento urbanísticos (o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano do casco antigo de Viveiro tal planeamento é PEPRI do casco antigo de Viveiro); e en relación ao cumprimento da normativa técnica en materia de habitabilidade, os servizos técnicos municipais consideran xustificada a excepcionalidade do cumprimento de das normas de habitabilidade de Galicia nos extremos reproducidos neste informe

O informe dos servizos técnicos asinado pola aparelladora da oficina de rehabilitación dí, respecto do proxecto de infraestrutura de telecomunicacións aportado pola promotora, que non se atopa visado. De acordo co artigo 2 do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, os proxectos de infraestruturas comúns de telecomunicacións non están suxeitos a obriga de visado.

Concello de Viveiro

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Alona Martínez Pérez, licenza municipal para rehabilitación de edificio de vivendas entremedianeiras sito na rúa Luis Trelles nº 37, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3455510PJ1335N0001GQ, de acordo co proxecto de execución redactado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG en data 20.12.2016 co número 1605876, e baixo a dirección facultativa dos técnicos que constan no presente informe.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza, son as seguintes, segundo o establecido na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de fecha 31 de marzo de 2017 e nos informes técnicos obrantes no expediente:

- A nova estrutura de forxados non poderá ser visible dende o exterior, min se poderán engadir cornixas ou voos inexistentes orixinalmente.
- A cuberta rematarase con lousa irregular do país.
- Os canalons e baixantes en cinc de sección semicircular e circular respectivamente.
- A fachada rematarase recibadas con morteiros a base de cal e pintadas en cor clara con pintura ao silicato. As pezas de cantería traballadas que conforman os ocos de fachada deberán quedar á vista. Estas pezas limparanse manualmente con cepillo de cerdas vexetais, evitando o emprego de tratamentos agresivos para elas como o chorreo de area ou auga a alta presión.
- A carpintería exterior deberá ser de madeira pintada con tratamento de poro aberto nunha cor tradicional no contorno.
- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar e obter a perceptiva autorización municipal, así como para a instalación de andamiaxe.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza

1

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro

- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 3985/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Jesús Ramos Fernandez para executar obras de substitución de pizarra, canlón e baixantes en inmovible sito en rúa Rosalía de Castro, nº 40, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353504PJ1335S0002PP, acompañada da seguinte documentación:

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

- Co número de expediente 3178/2017 foi tramitada a solicitude do mesmo interesado para obter a previa e preceptiva autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para ditas actuacións, toda vez que o inmovible se atopa no contorno de protección da Porta da Vila, monumento declarado BIC. O procedemento rematou mediante resolución da D.X. de Patrimonio Cultural de data 20 de xuño de 2017 autorizando o solicitado, baixo condición de que non se poderá intervir na estrutura da edificación.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A parcela corresponde coa referencia catastral **3353504PJ1335S0002PP**, sita no nº 40 da rúa Rosalía de Castro, no Casco Histórico de Viveiro. As obras a realizar son substitución de pizarra en cuberta así como a colocación de fiestra. Substitución de canles e baixantes de PVC por outros de cinc.

Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística aplicable e coa normativa técnica aplicable. Establécese a condición de que a edificación donde se pretenden realizar as obras está no contorno de protección dos 50 metros da Porta do Cristo ou da Vila (BIC). Precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remiteuse expediente das obras a realizar en dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a súa autorización, con data 22 de xullo de 2017, o expediente resolvese favorablemente cunha serie de condicións:

- Non se poderá intervir na estrutura da edificación.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142.2, letra b) LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmovibles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Segundo se describe no antecedente segundo do presente informe, as actuacións propostas contan co informe favorable do órgano competente en materia de protección do patrimonio histórico, artístico e cultural.

O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido a lexislación e ao planeamento urbanísticos (o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano do casco antigo de Viveiro tal planeamento é PEPRI do casco antigo de Viveiro).

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Concello de Viveiro

Primeiro.- Conceder a D. Jesús Ramos Fernández, licenza municipal para para executar obras de substitución de pizarra, canlón e baixantes en inmoble sito en rúa Rosalía de Castro, nº 40, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353504PJ1335S0002PP.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia, así como para a instalación de andamiaxe
- A autorización municipal deberá limitarse ás actuacións descritas, sen que se poida intervir na estrutura da edificación. De darse esta circunstancia, deberá solicitarse previamente a licenza municipal á que se achegará proxecto técnico redactado por técnico competente

Terceiro.- Condicións xerais da licenza

1

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.



Concello de Viveiro

EXPTE. 1602/2017. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Anastario Rego Paleo para executar obras de Reforzo de estrutura en planta baixa de edificio sito en A Costa-Lavandeiras, nº 80, Celeiro, de referencia catastral 970116PJ1337S0002DZ.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto. D. José Díaz Lopez, visado polo COAG o 2 de febreiro de 2017 co número 1700570, e oficio de dirección facultativa a favor do citado arquitecto.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Previo requirimento de subsanación de deficiencias na documentación técnica, o promotor achegou o 28 de abril de 2017 documentación xustificativa do DB-SI do CTE, Memoria de estruturas descritiva da solución estrutural elixida (sen asinar polo técnico que consta como redactor), reportaxe fotográfica da fachada principal do inmovible e das partes na que se pretende intervir, e plano O4, de reforzo voladizo.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é urbano non consolidado. Ordenanza de aplicación 10 edificacións existentes. A parcela corresponde coa referencia catastral 3970116PJ1337S0002DZ, CM Costa-Vello 8. Para as obras a realizar preséntase un proxecto de reforzo de estrutura en planta baixa de edificio de baixo e 2 vivendas en Celeiro, así como impermeabilización, illamento e pavimentación de terraza e revestimento de teito e paredes interiores en planta baixa . Respecto ao cumprimento da normativa urbanística, sinálase que, a construción só parcialmente incompatible coa ordenación provisional, poderanse autorizar obras de mellora ou reforma. As obras propostas cumpren coas ordenanzas de aplicación. Segundo o arquitecto, D. José Díaz López fai constar o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

